



## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 27 de outubro de 2014

### Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 27/10/2014.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 27/10/2014.
- III. Reparto da partida de dotación de laboratorios docentes.
- IV. Modificacións horarios no 4º curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- V. Modificación dos exames do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso académico 2014-2015.
- VI. Calendario escolar dos graos para o curso 2014-2015, datas TFG.
- VII. Informe definitivo de Seguimento do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, curso 2013-2014.
- VIII. Informe definitivo de Seguimento do Grao de Enxeñaría da Enerxía, curso 2013-2014.
- IX. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrión, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 17 de setembro de 2014.**

Enviouse por correo electrónico uns días antes desta Xunta de Escola. Na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 17 de setembro de 2014.

Unha vez aprobada será posta definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>



## 2. Informe do Director.

O Director informa que:

- Publicouse no apartado de GASTOS da web do centro, e é de acceso libre, a Execución do Presuposto do 3 do Trimestre do 2014 na ETSEM co listado pormenorizado de gastos realizado nos meses de Xullo, Agosto e Setembro

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=631,689,0,0,1,0>

calquera consulta ao respecto pode ser dirixida ao Negociado do centro [xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)

- A Área de Apoio á Docencia e Calidade, xunto coa Unidade de Estudos e Programas, presentou a aos centros o Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns:

<https://seix.uvigo.es/uv/web/qsp/>

[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=8988&Itemid=2](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=8988&Itemid=2)

que de momento funciona para os servizos centrais e en aspectos relacionados coa xestión pero que no futuro será, incluíndo o ámbito de docencia, implantada nos centros dando deste xeito cobertura ao Sistema de Garantía de Calidade de escolas e facultades. Dada a importancia do tratado, en representación do centro asistiu a Subdirectora María Araújo Fernández, o cal é agradecido pola Dirección. O sistema basearase nun buzón de QSP accesible dende a web da Universidade de Vigo e vai asociado a unha aplicación informática que pretende rexistrar, xestionar, redirixir e responder, nun prazo máximo de 15 días, tódalas reclamacións presentadas.

- En resposta a unha petición da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais a Responsable do Programa PAT na ETSE de Minas, a profesora Ángeles Saavedra González, aceptou ser ao mesmo tempo a Responsable de estudantes con necesidades educativas especiais no centro, o cal é agradecido pola Dirección.
- Con relación ás reclamacións remitidas sobre a parada de autobuses no Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial e as goteiras en despacho da E.T.S.E. de Minas a Unidade Técnica comunicounos que eses temas estaban sendo estudados e teñen previsto arranxalos o antes posible e en función tamén da dispoñibilidade da correspondente dotación presupostaria.
- No apartado TFG da web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=420,467,0,0,1,0>

Actualizouse a oferta de TFG para o curso 2014-2015. Prégase ao profesorado interesado envíe ao Subdirector David Patiño Vilas ([infraestructurasminas@uvigo.es](mailto:infraestructurasminas@uvigo.es)) as súas propostas para facer a apropiada difusión das mesmas.



- Unha vez finalizado o derradeiro e oitavo prazo (24 de outubro) para os estudantes de primeiro por primeira vez os datos de matrícula son: Grao en Enxeñaría da Enerxía 54 alumnos/as e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos 34 alumnos/as.
- Unha vez finalizado o terceiro e derradeiro prazo de matrícula no Máster Universitario en Enxeñaría de Minas formalizaron a súa matrícula no curso 2014-2015 6 persoas en matrícula ordinaria e 3 persoas en formación continua.
- O próximo 24 de Novembro celebrarase un OBRADOIRO DE BUSCA ACTIVA DE EMPREGO para o alumnado de 4º e 5º do centro. O alumnado interesado pode enviar a súa solicitude ao negociado [xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es). A información detallada do mesmo está no apartado do Plan de Acción Titorial da web da escola:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=444,0,0,1,0,0>

- Na páxina web da nosa Escola creouse un novo apartado en ORDEACIÓN INTERNA coa información do Enlace de Igualdade no centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=668,0,0,1,0,0>

- Ao igual que nos últimos sete anos a ETS de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo do 17 ao 21 de novembro do 2014 organiza a Semana da Ciencia co obxectivo de involucrar, mediante actividades de divulgación e difusión, ao alumnado preuniversitario coa docencia, investigación e transferencia do centro, este ano baixo o lema Enerxía, Materiais e Medio ambiente: en todas partes. Aquel profesorado interesado en colaborar coa recepción das visitas pode poñerse en contacto co Negociado do centro [xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es). Prégase en calquera caso a difusión desta información entre os contactos potencialmente interesados. Os apartados correspondentes da web do centro están xa actualizados:

GALEGO: <http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=81,0,0,1,0,0>

CASTELÁN: <http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=114,133,0,0,1,0>

INGLÉS: <http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=208,233,0,0,1,0>

- Colocáronse contenedores de reciclado de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE) no vestíbulo do centro como parte de accións nas que participa a Universidade de Vigo do programa life+ ecoRaee (<http://www.life-ecoraee.eu/es/>) e do proxecto Identis Weee (<http://identisweee.net/es/>). Estarán no centro de outubro a decembro, outro de maiores dimensións atópase na praza Miralles. Prégase o seu emprego cando sexa necesario:

[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=9060&Itemid=2](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=9060&Itemid=2)




- Recibiuse a Resolución Reitoral de 7 de outubro de 2014 pola que se determinou a distribución de parte da dotación económica (60% da cantidade inicialmente prevista en función da avaliación realizada para o curso 2010/11 pola Área de Apoio á Docencia e Calidade) entre os centros da Universidade de Vigo, correspondente ao Plan de Calidade Docente, no exercicio 2014. A ETSE de Minas recibiu a cantidade de 11.219,87€ No exercicio 2015, realizarase o reparto do 40% da cantidade restante en función dos resultados realmente obtidos.
- Na Comisión Permanente do aprobáronse todas as solicitudes de saídas de prácticas de campo para o primeiro cuadrimestre do curso 2014-2015, un total de dez. Esgotado o crédito da partida de Transportes do centro coas saídas do curso 2013-2014 compre facer unha transferencia de crédito para levar a cabo as agora aprobadas.
- Recibimos o informe de certificación do Sistema de Garantía Interno de Calidade coa valoración de FAVORABLE. A Dirección agradece na consecución deste importantísimo logro o apoio da Área de Apoio á Docencia e Calidade a implicación xeral da comunidade do centro e en especial dos membros da Comisión de Calidade e da Coordinadora de Calidade a profesora Natalia Caparrini Marín.
- No Informe dos resultados dos estudos realizados para coñecer a inserción de egresados del curso 2013-2014, documento IT03-PC11 do SGIC, figuran o seguinte:

ID	Perfil	Observacións
GEE1	Máster Universitario en Enxeñaría Industrial (Univ. Politécnica de Cataluña)	20 ECTS de complemento en materias simultáneas (men-ción eficiencia): 1. Control Automático 2. Teoría de Máquinas e Mecanismos 3. Tecnoloxía e Selección de Materiais 4. Optimización e Simulación
GEE 2	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (Univ. de Vigo)	Sen complementos
GEE 3	Máster Universitario en Enxeñaría Industrial (Univ. de Oviedo)	Sen complementos
GEE 4	Máster Universitario en Enxeñaría Industrial (Univ. de Oviedo)	Sen complementos
GEE 5	Máster Universitario en Enxeñaría Industrial (Univ. de Oviedo)	Sen complementos
GEE 6	Master in Science in Sustainable Energy Technology (Tech. Univ. of Delft)	Sen complementos
GEE 7	Máster Universitario en Enxeñaría Industrial (Univ. de Oviedo)	Sen complementos
GEE 8	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (Univ. de Vigo)	Sen complementos
GEE 9	Mestrado Bolonha em Engenharia Geológica e de Minas (Univ. Técnica de Lisboa)	12 ECTS de complementos en materias simultáneas: 1. Economía Mineral 2. Recursos mineiros



ID	Perfil	Observacións
GEE 10	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (Univ. de Vigo)	Sen complementos
GEE 11	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (Univ. de Oviedo)	Sen complementos
GEE 12	Máster Universitario de Enerxía e Sustentabilidade (Univ. Vigo)	Sen complementos
GEE 13	Máster Universitario en Enxeñaría da Enerxía (Univ. Politécnica de Cataluña)	Sen complementos
GEE 14	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (Univ. de Vigo)	Sen complementos
GEE 15	Máster Universitario en Enxeñaría Industrial (Univ. de Oviedo)	Sen complementos
GEE 16	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (Univ. de Vigo)	Sen complementos
GEE 17	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (Univ. de Vigo)	Sen complementos
GEE 18	Máster Universitario de Enxeñaría da Enerxía (Univ. Politécnica de Madrid)	Sen complementos
GERME19	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (Univ. de Vigo)	Sen complementos
GERME20	Búsqueda activa de emprego	



Ese informe foi coordinado polo Subdirector David Patiño Vilas e incluído no Informe dos resultados do seguimento dos egresados 13-14 (IT03 PC11) do SGIC, o cal é agradecido pola Dirección.

- No Diario Oficial de Galicia de 26 de setembro publicouse a Orde de 5 de setembro de 2014 pola que se autoriza a implantación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo para o curso 2014/15.


[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140926/AnuncioG0164-180914-0001\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140926/AnuncioG0164-180914-0001_gl.pdf)



- Do 20 ao 24 de Outubro a ETSEM participou na Feira Virtual de Enxeñeiros <http://feriavirtualdeingenieros.com/>, organizado polo *Instituto de la Ingeniería de España (IIE)*, cun stand de presentación do centro coordinado pola profesora Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado.
- Recibiuse unha nova instrución para a avaliación por compensación de estudantes de grao, onde en particular, entre outras cousas, indícase agora que Concederáse apto por compensación... sempre que o/a estudante se encontre en polo menos un dos seguintes supostos:
  - a) Que obtivese polo menos unha vez unha cualificación igual ou superior a 3,5 na(s) materia(s) a compensar.
  - b) Que a media do seu expediente sexa igual ou superior á nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.
- O Cartel de Minas renovou a súa Xunta Directiva sendo agora Fabio Soto (Presidente); Alejandro Vidal (Tesoreiro) e Sergio Villamarín (Secretario). No curso 2014-2015 este evento deportivo celebrábase en Nantes. A Dirección agradece o traballo realizado e a implicación da Xunta Directiva saínte presidida por Luján López.
- No vestíbulo da ETSEM farase unha intervención do VERTIXEVIGO14 (Festival de música contemporánea de Vigo) o día 27 de novembro cunha arpa e unha marimba.
- O Comisionado de Plans Estratéxicos e presentou as direccións dos Centros as posibilidades de obter información que agora proporciona o Sistema de Información Integrado Universitario (SIIU) do Ministerio de Educación. En particular, toda a información académica por titulacións. Dada a importancia do tratado, en representación do centro asistiu o Subdirector David Patiño Vilas, o cal é agradecido pola Dirección.
- A Biblioteca da Universidade de Vigo impartiu, empregando Faitic e durante o mes de Outubro, para os alumnos de primeiro un curso on-line gratuíto titulado "Coñece a Biblioteca e aprende a buscar, avaliar y utilizar a información" co obxectivos de: elaborar estratexias de busca axeitadas; atopar información de calidade, tanto na Biblioteca da UVigo como noutros recursos en internet; facer un uso ético e legal da información, evitando o plaxio; e utilizar unha metodoloxía básica para a elaboración e presentación de traballos de clase. O curso foi titorizado por profesorado da materia Física: Física 1.

Este informe, previamente á publicación da acta na web do centro, é enviado logo desta Xunta de Escola a todo o profesorado con docencia no centro, así como ao resto dos membros de Xunta de Escola.





### **3. Aprobación, se procede, da proposta de reparto da partida de dotación de laboratorios.**

Como xa se comentou na Xunta de Escola anterior recibíuse no centro a comunicación da asignación do equipamento de laboratorios docentes para o ano 2014.

Esa asignación pode ser empregada para adquisición de material docente inventariable e programas para os laboratorios de informática. O importe total da dotación, logo da inversión realizada nos Laboratorios de Informática é de 11.000,00€ Nesa cantidade entendemos que o 20% ven directamente ao centro como axuda uniforme común aos centros da Universidade de Vigo e o 80% polo número específico de alumnado dos títulos adscritos á escola ponderados por un coeficiente que depende do contido práctico experimental dos estudos (de 1 a 12).

A Dirección fixo unha proposta de gasto baseada nos criterios de reparto da Universidade de Vigo e no gasto realizado no ano 2013, que foi enviada previamente á Xunta de Escola e aprobada por a Comisión de Calidade do centro.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o reparto desta partida para a dotación de laboratorios. Achégase como Anexo III a esta acta o reparto aprobado.

### **4. Nomeamento do tribunal de premio extraordinario fin de carreira para as titulacións impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas.**

Non recibindo candidaturas para o nomeamento de Tribunal de Premio Extraordinario Fin de Carreira para as titulacións impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas a Dirección propón un Tribunal formado por José Benito Vázquez Dorrío (Presidente), Natalia Caparrini Marín (Secretaria) e Carmen Pérez Pérez (Vocal).

A Xunta de Escola aproba por asentimento nomear o tribunal proposto.

### **5. Aprobación, se procede, da modificación da PDA para o curso académico 2014-2015.**

Por aumento de matrícula respecto ao curso pasado solicitouse un terceiro grupo B na seguinte materia de segundo cuadrimestre: G290801 Proxectos 1; materia común ao 4º curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

O grupo foi concedido pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e faise necesario modificar o Encargo de Docencia (PDA) dos mencionados Graos para o curso académico 2014-2015.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a mencionada modificación de PDA.



**6. Aprobación, se procede, da proposta de modificación dos horarios dos Graos de “Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos” e “Enxeñaría da Enerxía” para o curso académico 2014-2015.**

A modificación da PDA para as materias afectadas no punto 5 da presente Xunta de Escola fai necesaria a modificación puntual dos seus horarios coa inclusión dun terceiro grupo na materia indicada no apartado anterior no cuarto curso dos Graos do centro.

Esa proposta de modificación foi enviada por correo electrónico previamente.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación de horarios citada.

Achégase como Anexo IV dita modificación, que tamén será actualizada no apartado correspondente da páxina web do centro.

**7. Aprobación, se procede, da proposta de modificación dos exames do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso académico 2014-2015.**

O alumnado e profesorado da materia Voaduras (V09G310V01702) de cuarto curso do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos solicitou unha modificación para a realización do seu exame a Convocatoria Ordinaria (1º período). Esa proposta de modificación foi enviada por correo electrónico previamente.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación de horarios, que figura no Anexo V. Dita modificación será actualizada no apartado correspondente da páxina web do centro.

**8. Aprobación, se procede, da proposta de inclusión de novas datas para a defensa do TFG no calendario escolar dos graos para o curso 2014-2015.**

A proposta de inclusión de novas datas para a defensa do TFG (17-18 de Novembro e 9-10 de Febreiro) foi enviada por correo electrónico previamente.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a inclusión destas novas datas no calendario escolar, que se achega como Anexo VI.

Esta información será actualizada no apartado correspondente da páxina web do centro.

**9. Aprobación, se procede, dos informes de seguimento dos Graos impartidos nesta Escola.**

O obxectivo do proceso de seguimento é comprobar a correcta implantación do título en base ao compromiso adquirido na memoria verificada. Para demostrar que dito compromiso estase levando a cabo é necesario que as evidencias estean dispoñibles en todo momento non, unicamente, cando a comisión externa realice a comprobación das mesmas.





Os informes de Seguimento do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o ano 2013-2014, foron supervisados pola Coordinadora de Calidade, Natalia Caparrini Marín, analizados polo Servizo de Calidade da Universidade de Vigo e aprobados en Comisión de Calidade do centro. A Dirección agradece o traballo realizado. Eses informes foron enviados por correo electrónico previamente e preséntase agora para a súa aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento ditos informes que poden consultarse nos Anexos VII e VIII desta acta.

## **10. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.**

Na Comisión de Calidade da ETSE de Minas do pasado 15 de Outubro aprobouse a seguinte documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas:

1. Plan de Información Pública (R1 DO 0301)
2. Plan de Promoción (R1 DO 0202)
3. Informe dos resultados do seguimento dos egresados 13-14 (IT03 PC11)
4. Evidencias do Procedemento PC04 Matriculación 14-15
  - a) IT01 Política, procedementos e criterios de selección - admisión de estudantes do Grao e Máster
  - b) IT02 Listado provisional de admitidos e excluídos no Máster UEM Máster UEM
  - c) IT03 Listado definitivo de admitidos nos Graos EE (Lista EE) ERME (lista ERME) e Máster UEM
5. Informe Anual de Resultados do Centro 13-14 IT01-PM01, que inclúe a Revisión da Política e Obxectivos de Calidade (IT02-PM01).
6. IT03-PM01 Informe de Accións realizadas ante recomendacións e PAM 2012-2013 ERME EE

O IT04 e o IT05 (Plan de Melloras 13-14) están incluídos xa dentro dos Informes de Seguimento xa aprobados no apartado anterior.

A redacción dos anteriores documentos foi coordinada pola profesora Dona Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a antedita documentación que pode consultarse no Anexo IX desta acta.



## 11. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e sete de outubro de dous mil catorce.

Vº e Prace  
O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



## ANEXO I

**Convocatoria de Xunta de Escola do 27/10/2014.**



## ANEXO II

**Asistentes á Xunta de Escola do 27/10/2014.**



## Asistentes Xunta de Escola ordinaria 27/10/2014

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrío
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Álvarez Vázquez, Lino José
4.	Araújo Fernández, María
5.	Arias Sánchez, Pedro
6.	Cabeza Simó, Marta
7.	Eguía Oller, Pablo
8.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
9.	Mandado Vázquez, Alfonso
10.	Morán González, Jorge
11.	Patiño Vilas, David
12.	Pérez Pérez, Carmen
13.	Sánchez Bermúdez, Anxo
ALUMNOS	
1.	Alfonso Molaes, Alberto
2.	Alonso Sanmartín, Uxía
3.	Carrillo Pérez, Rosalía
4.	García Iglesias, Jaime
5.	González Méndez, Patricia
6.	Graña Molina, Rodrigo
7.	Iglesias Alonso, Laura
8.	Iglesias Justo, Xeila
9.	Lema Costa, Nerea
10.	López Echevarría, Isabel
11.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
12.	Rodríguez López, Álvaro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen

<b>Total membros Xunta de Escola :</b>	<b>46</b>
<b>Asistentes</b>	<b>26</b>

Escusa a súa asistencia:

- Don Leandro Alejano Monge
- Don Alexandre Casal Echevarría
- Don Fernando García Bastante
- Don Javier Vijande López



### **ANEXO III**

#### **Reparto da partida de dotación de laboratorios docentes.**





## ANEXO IV

**Modificacións horarios no 4º curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do  
Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.**



## ANEXO V

### **Modificación dos exames do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso académico 2014-2015.**



## ANEXO VI

**Calendario escolar dos graos para o curso 2014-2015, datas TFG.**



## ANEXO VII

### **Informe definitivo de Seguimento do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, curso 2013-2014.**



## **ANEXO VIII**

### **Informe definitivo de Seguimento do Grao de Enxeñaría da Enerxía, curso 2013-2014.**



## **ANEXO IX**

### **Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.**